



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 21 DECEMBRO DE 2020

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2020/00005692P.

Aprobación de acta de sesión anterior.

Apróbase a acta.

2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2020/00000165Y.

Concesion de licenza para despregue de REDE FTTH ORANGE/JAZZTEL na CIDADE HISTORICA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (FASE 5).

Acórdase CONCEDER a ORANGE ESPAÑA COMUNICACIONES FIJAS SL, licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o "Proxecto de infraestrutura de telecomunicacións para o despregue de Rede FTTH Orange/Jazztel na cidade histórica de Santiago de Compostela - **FASE 5, (PLAN DE DESPREGUE DA REDE FTTH ORANGE/JAZZTEL NA CIDADE HISTÓRICA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA_A CORUÑA)**", cun orzamento de execución material de 19.196,04 eur; no ámbito que se describe a continuación:

- 1.-Algalía de Arriba (pares e impares)
- 2.-Praza da Algalía de arriba
- 3.-Rúa de Santa Cristina
- 4.-Fonte de San Miguel
- 5.-Praza de San Miguel dos Agros
- 6.-Rúa San Miguel dos Agros
- 7.-Praza de San Roque
- 8.-Rúa das Rodas (impares)
- 9.-Rúa Entremuros (pares)
- 10.-Algalía de Abaixo (pares e impares)
- 11.-Praza da Algalía de Abaixo
- 12.-Rúa dos Truques

3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/404/2019.

Concesión de licenza para a reforma de SALÓN DE ACTOS.

Acórdase CONCEDER ao COLEXIO DA COMPAÑÍA DE MARÍA, licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución, a REFORMA DE SALÓN DE ACTOS do COLXEIO COMPAÑÍA DE MARÍA situado na RÚA ENSINANZA (DA) 3 RÚA TROMPAS (DAS), 2 SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA), cun orzamento de execución material de 215.000 euros.

4. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/1441/2020.

Concesión de licenza para reforma parcial e acondicionamento do pavillon de servizos para a area de tecnoloxias da informacion e das comunicacións

Acórdase CONCEDER á UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución e a documentación complementaria; a REFORMA PARCIAL E ACONDICIONAMENTO DO PAVILLON DE SERVIZOS PARA A AREA DE TECNOLOXIAS DA INFORMACION E DAS COMUNICACIONES situado na RUA JOSE MARIA SUAREZ NUÑEZ, 3 (CAMPUS VIDA) de SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA) cun orzamento de execución material de 174.689,70 euros.

5. LICENZAS DE APERTURA. Referencia: LAP/467/2019.

Concesion de licenza de obra para construcion de campamento turistico de bungalows.

Acórdase CONCEDER LICENZA DE OBRA NOVA PARA CONSTRUCCIÓN DE CAMPAMENTO TURÍSTICO DE BUNGALOWS en LG CASAL DE HORTA (O) SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA), cun orzamento de execución material de 220.486,18 euros. As actuacións consistirán na construción dun campamento turístico con edificación para recepción, 6 bungalows, zona de ocio, relax e aparcamento; cunha superficie construída de 241,60 m2 en planta baixa e altura máxima de 5,20 metros. A edificación está situada en solo clasificado como rústico no PXOM vixente e cualificado coa ordenanza 19 de protección de augas.

O presente acto administrativo suxeitase ás seguintes condicións:

- 1.- *Deberá cumprirse as condicións establecidas no Informe de impacto ambiental da Consellería de Medio Ambiente de data 25/11/2020 (clave 2020/0142) e autorizacións de Augas de Galicia.*
- 2.- Deberá respectarse a lexislación sectorial que en cada caso sexa de aplicación, a licenza entenderase concedida salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro e das demais autorizacións que fosen precisas doutras administracións públicas para o desenvolvemento da actividade.
- 3.- Unha vez rematadas as obras e instalacións deberá presentar e obter LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN (modelo LI043). Unha vez obtida a licenza de primeira ocupación deberá presentar comunicación previa de inicio de actividade.

6. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/432/2019.

Autorización da excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade e concesion de licenza para rehabilitación e ampliación de dúas vivendas.

Acórdase CONCEDER licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución, a REHABILITACIÓN E AMPLIACIÓN DE DÚAS VIVENDAS na RÚA BASQUIÑOS (DOS), 5 SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA), cun orzamento de execución material de 74.000 euros.

7. PLANEAMENTO. Referencia: PLA/2/2020.

Aprobación inicial do Estudo de detalle para a dotación de accesibilidade aos inmobles de vivenda colectiva emprazados na Corredoira de Campsa (rúa do Penedo, números 56 a 68)

Apróbase inicialmente o “Estudo de detalle para a definición urbanística da dotación de accesibilidade aos inmobles de vivenda colectiva emprazados na Corredoira de Campsa” (rúa do Penedo, números 56 a 68), segundo o proxecto promovido polo Concello de Santiago de Compostela e elaborado por ARROKABE ARQUITECTOS S.L.P., presentado con data 20 de febreiro de 2020.

En aplicación do procedemento regulado polos artigos 80.2 da Lei 2/2016 do solo de Galicia e 194 do seu Regulamento, o Estudo de detalle inicialmente aprobado someterase a información pública durante o prazo dun mes, mediante anuncios que para o efecto se publicarán no Diario Oficial de Galicia e nun xornal dos de maior circulación na provincia. Simultaneamente, practicarase notificación individual aos titulares catastrais das parcelas afectadas.

8. OFICINA DE REHABILITACIÓN E VIVENDA. Referencia: CONTA ACB20 PV2018-21. Dar conta da sinatura dos acordos da comisión bilateral específicos para cada ARI correspondente á súa anualidade 2020, ao abeiro do plan estatal 2018-2021.

Dase conta da sinatura con data 29 de outubro de 2020 dos Acordos da comisión bilateral correspondente á súa anualidade 2020, ao abeiro do programa de rexeneración e renovación urbanas do Plan estatal de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural 2018-2021 para as seguintes áreas:

- Fase 17ª do Casco Histórico
- Fase 7ª do Barrio de Pontepedriña
- Fase 3ª do Barrio de Vite

9. OFICINA DE REHABILITACIÓN E VIVENDA. Referencia: NºACT_PRORR PV13-16. Dar conta da addenda de modificación do número de actuacións dalgúns dos acordos de comisión bilateral asinados ao amparo do plan de vivenda 2013-2016 e solicitude de ampliación do prazo de execución ata o 31 de decembro de 2022 da totalidade dos acordos de comisión bilateral asinados ao amparo do plan de vivenda 2013-2016

Dase conta da “Addenda para a modificación dos Acordos de comisión bilateral relativos ás áreas de rexeneración e renovación urbanas na comunidade autónoma de Galicia. Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria, e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016, e a súa prórroga” asinada o 29 de xuño de 2020, segundo a cal, aumentáanse o nº de actuacións dos seguintes acordos:

- Fase 7ª do Polígono de Vista Alegre: Ampliación de 80 a 96 actuacións.
- Fase 8ª do Polígono de Vista Alegre: Ampliación de 48 a 64 actuacións.
- Fase 5ª do Barrio de Pontepedriña: Ampliación de 24 a 38 actuacións.
- Fase 1ª do Barrio de Vite: Ampliación de 24 a 64 actuacións.

Dase conta do acordo de solicitar ao IGVS, ao amparo da Disposición transitoria primeira do Real decreto 1084/2020 do 9 de decembro, a ampliación do prazo de execución ata o 31 de decembro de 2022 das actuacións correspondentes aos seguintes Acordos de Comisión Bilateral vixentes relativos ao plan de vivenda 2013-2016:

ACORDOS ASINADOS o 14 de marzo de 2015:

- Fase 13ª do Casco Histórico

ACORDOS ASINADOS o 27 de outubro do 2015:

- Fase 14ª do Casco Histórico
- Fase 7ª do Polígono de Vista Alegre
- Fase 4ª do Barrio de Pontepedriña Grupo de Vivendas Compostela e Cardeal Quiroga Palacios

ACORDOS ASINADOS o 26 de outubro do 2017:

- Fase 15ª do Casco Histórico
- Fase 8ª do Polígono de Vista Alegre
- Fase 5ª do Barrio de Pontepedriña Grupo de Vivendas Compostela e Cardeal Quiroga Palacios
- Fase 1ª do Barrio de Vite

10. CONTRATACIÓN. Referencia: CON/51/2020.

Servizo de mantemento avanzado da aplicación de xestión contable e orzamentaria SICALWIN (Aytos Soluciones Informáticas) do Concello de Santiago de Compostela. CON/51/2020.

Acórdase autorizar a aprobación do expediente denominado “Servizo de mantemento avanzado da aplicación de xestión contable e orzamentaria SICALWIN (Aytos Soluciones Informáticas) do Concello de Santiago de Compostela” e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento negociado, establecéndose un tipo de licitación de **20.971,00 euros IVE aparte**.

O IVE correspondente (21% da cantidade anterior) ascende a 4.403,91 euros.

O importe resultante desta contratación satisfarase con cargo aos orzamentos do Concello de Santiago de Compostela, aplicación orzamentaria 030 92001 2279901, tramitándose como anticipado de gasto, xa que o inicio da prestación non terá efectos ata o vindeiro ano, e quedando condicionado, polo tanto, á súa inclusión no exercicio orzamentario 2021.

Anualidade 2021: 25.374,91 euros.

Anualidade 2022: 25.374,91 euros.

11. CONTRATACIÓN. Referencia: CONTRATACION/183/08.

Prórroga de aluguer do local Nº 9 DA RÚA PRESIDENTE SALVADOR ALLENDE, destinado a oficinas municipais (ATENCIÓN AO CIDADÁ)

Acórdase prorrogar o contrato de aluguer do local nº 9 na rúa Presidente Salvador Allende destinado a oficinas municipais (Atención ao Cidadá), polo prazo de un ano a contar desde o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2021.

Respecto á revisión de prezos, no contrato asinado con data 5 de marzo de 2009, na súa cláusula segunda establece que o importe será revisado anualmente, conforme ás variacións que experimente o índice xeral de prezos ó consumo, polo que propónse a revisión do IPC dende a última data na que se realizou esta (decembro de 2009 ata decembro de 2020).

Tendo en conta que aínda non se publicou a variación correspondente a decembro de 2020, a renda definitiva para o ano 2021 fixarase unha vez publicado o IPC do mes de decembro de 2020.

Para o mes de xaneiro de 2021 satisfarase a renda actual por importe mensual de: 594,55 euros máis IVE (**719,41 euros IVE incluído**)

12. CONTRATACIÓN. Referencia: CONTRATACION/184/08.

Prórroga de aluguer do local Nº 10 DA RÚA PRESIDENTE SALVADOR ALLENDE, destinado a oficinas municipais (REXISTRO XERAL)

Acórdase prorrogar o contrato de aluguer do local nº 10 na rúa Presidente Salvador Allende destinado a oficinas municipais (Rexistro Xeral), polo prazo de un ano a contar desde o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2021.

Respecto á revisión de prezos, propónse a revisión do IPC dende a última data na que se realizou esta: (decembro de 2019). Tendo en conta que aínda non se publicou a variación correspondente a decembro de 2020, a renda definitiva para o ano 2021 fixarase unha vez publicado o IPC do mes de decembro de 2020.

Para o mes de xaneiro de 2021 satisfarase a renda actual por importe mensual de: 670,03 euros máis IVE (**810,74 euros, IVE incluído**).

13. CONTRATACIÓN. Referencia: CONTRATACION/08/04.

Prórroga de aluguer do local Nº 3 DA RÚA PRESIDENTE SALVADOR ALLENDE, destinado a oficinas municipais (SERVIZOS BÁSICOS)

Acórdase prorrogar o contrato de aluguer do local nº 3 na rúa Presidente Salvador Allende destinado a oficinas municipais (Servizos Básicos), polo prazo de un ano a contar desde o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2021.

Respecto á revisión de prezos, no contrato asinado con data 13-febreiro de 2004, na súa cláusula segunda establece que a partir do ano 2007 o prezo de alugamento incrementarase conforme a variación do IPC dos últimos doce meses, polo que propónse a revisión do IPC dende a última data na que se realizou esta (decembro de 2010 ata decembro de 2020).

Tendo en conta que aínda non se publicou a variación correspondente a decembro de 2020, a renda definitiva para o ano 2021 fixarase unha vez publicado o IPC do mes de decembro de 2020.

Para o mes de xaneiro de 2021 satisfacerase a renda actual por importe mensual de: 507,79 euros máis IVE (**614,43 euros, IVE incluído**).

14. CONTRATACIÓN. Referencia: CON/38/2019.

NOVA APROBACION DA REDUCCIÓN DO COMPROMISO DE GASTO previsto no contrato baseado no acordo marco para a contratación da subministración de electricidade en alta a baixa tensión a través da central de contratación da FEMP.(CON/38/2019.)

Deixar sen efecto o acordo adoptado en data 23 de novembro e aprobar o novo reaxuste do compromiso do gasto previsto no contrato de referencia para o ano 2020 nos seguintes termos:

	Ano completo	Importe Comprometido exercicio 2020	Estimación consumo estimado contrato anualidade 2020
GRUPO 1. ALUMEADO PUBLICO	929.373,24	774.477,70	323.477,99
GRUPO 1. CEIPS ENERXIA ELECTRICA	12.334,85	10.279,04	6.158,36
GRUPO 1. INSTALACIONES DEPORTIVAS	2.331,91	1.943,26	1.094,43
GRUPO 1. ADMINISTRACION XERAL	44.486,10	37.071,74	21.746,88
TOTAIS GRUPO 1	988.526,10	823.771,74	352.477,66
GRUPO 2. ALUMEADO PUBLICO	1.466.494,36	1.222.078,63	629.809,70
GRUPO 2. CEIPS ENERXIA ELECTRICA	173.857,32	144.881,10	99.556,13
GRUPO 2. ESCOLAS INFANTIS CONVENIO CONSORCIO	20.210,52	16.842,10	10.981,02
GRUPO 2. SERV COMPLEM. EDUCACIÓN ENERXIA ELECTRICA	8.662,76	7.218,97	5.934,89
GRUPO 2. INSTALACIONES DEPORTIVAS	176.202,04	146.835,03	83.078,41
GRUPO 2. ADMINISTRACION XERAL	308.051,31	256.709,42	133.204,16
TOTAIS GRUPO 2	2.153.478,31	1.794.565,25	962.564,31
GRUPO 3. ALUMEADO PUBLICO	143.292,11	119.410,09	30.000,00
GRUPO 3. CEIPS ENERXIA ELECTRICA.	16.560,45	13.800,38	6.000,00
GRUPO 3. INSTALACIONES DEPORTIVAS	141.392,13	117.826,77	30.000,00
GRUPO 3. ADMINISTRACION XERAL	31.909,69	26.591,41	10.000,00
TOTAIS GRUPO 3	333.154,38	277.628,65	76.000,00
IMPORTE TOTAL	3.475.158,79	2.895.965,64	1.391.041,97

15. CONTRATACIÓN. Referencia: CON/36/2020.

Corrección erro acordo da Xunta de Goberno do 12 de novembro de 2020 relativo a ADXUDICACIÓN Proxecto SMARTIAGO - Licitación CPI para desenvolver un sistema de alumado ornamental para a conservación do patrimonio - cofinanciado nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do Programa Operativo Plurirrexional de España 2014-2020”.

Acórdase proceder á subsanación do erro advertido de xeito que onde dí:

“ O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 030 46200 6410000 2018 2 TIAGO 27, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:
Anualidade 2020: 184.074,83 euros.
Anualidade 2021: 368.148,86 euros.
Anualidade 2022: 61.358,14 euros.”

Debe dicir:

“ O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 030 46200 6410000 2018 2 TIAGO 27, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:
Anualidade 2020: 184.074,43 euros.
Anualidade 2021: 368.148,86 euros.
Anualidade 2022: 61.358,14 euros.”

16. IGUALDADE-MULLER. Referencia: 2020/00001456G.

Aprobar a xustificación do convenio de colaboración asinado o 11 DE SETEMBRO DE 2020 entre o Concello de Santiago de Compostela e CÁRITAS CIOCESANA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA-PROGAMA VAGALUME ano 2020, pola contía de TRINTA MIL EUROS (30.000,00 €), con cargo á partida orzamentaria 080 23102 4800000/2020 reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2020 (artigo 33)

Apróbase a xustificación do convenio de colaboración asinado o 11 DE SETEMBRO DE 2020 entre o Concello de Santiago de Compostela e CÁRITAS CIOCESANA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA-PROGAMA VAGALUME ano 2020, pola contía de TRINTA MIL EUROS (30.000,00 euros).

17. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2020/00000925F.

Aprobar a xustificación do convenio de colaboración asinado o 02 DE OUTUBRO DE 2020 entre o Concello de Santiago de Compostela e a ASOCIACIÓN DE PERSONAS SORDAS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA ano 2020, pola contía de DEZ MIL EUROS (10.000,00 €) con cargo á partida orzamentaria 020 23100 4800000/2020 reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2020 (artigo 33).

Apróbase a xustificación do convenio de colaboración asinado o 02 DE OUTUBRO DE 2020 entre o Concello de Santiago de Compostela e a ASOCIACIÓN DE PERSONAS SORDAS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA ano 2020, pola contía de DEZ MIL EUROS (10.000,00 €)

18. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2020/00000928X.

Aprobar a xustificación do convenio de colaboración asinado o 11 DE SETEMBRO DE 2020 entre o Concello de Santiago de Compostela e a FUNDACIÓN DOWN COMPOSTELA ano 2020 pola contía de DEZ EUROS (10.000,00 €) con cargo á partida orzamentaria 020 23100 4800000/2020 reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2020 (artigo 33)

Apróbase a xustificación do convenio de colaboración asinado o 11 DE SETEMBRO DE 2020 entre o Concello de Santiago de Compostela e a FUNDACIÓN DOWN COMPOSTELA ano 2020 pola contía de DEZ MIL EUROS (10.000,00 €)

19. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2020/00000935V.

Aprobar a xustificación do convenio de colaboración asinado o 03 DE SETEMBRO DE 2020 entre o Concello de Santiago de Compostela e a ASOCIACIÓN COMPOSTELÁ DE ESCLEROSE MÚLTIPLE (ACEM) ano 2020, pola contía de NOVE MIL EUROS (9.000,00 €) con cargo á partida orzamentaria 020 23100 4800000/2020 reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2020 (artigo 33).

Apróbase a xustificación do convenio de colaboración asinado o 03 DE SETEMBRO DE 2020 entre o Concello de Santiago de Compostela e a ASOCIACIÓN COMPOSTELÁ DE ESCLEROSE MÚLTIPLE (ACEM) ano 2020, pola contía de NOVE MIL EUROS (9.000,00 €)

20. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2020/00000938C.

Aprobar a xustificación do convenio de colaboración asinado o 02 DE OUTUBRO DE 2020 entre o Concello de Santiago de Compostela e a FUNDACIÓN ANDREA DE APOYO A LOS NIÑOS CON ENFERMEDADES DE LARGA DURACIÓN, CRÓNICAS O TERMINALES ano 2020, pola contía de TRES MIL EUROS (3.000,00 €) con cargo á partida orzamentaria 020 23100 4800000/2020 reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2020 (artigo 33)

Apróbase a xustificación do convenio de colaboración asinado o 02 DE OUTUBRO DE 2020 entre o Concello de Santiago de Compostela e a FUNDACIÓN ANDREA DE APOYO A LOS NIÑOS CON ENFERMEDADES DE LARGA DURACIÓN, CRÓNICAS O TERMINALES ano 2020, pola contía de TRES MIL EUROS (3.000,00 €)

21. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ. Referencia: LOTE 1 BOLARDOS.

Aprobación plan de seguridade e saúde, contrato LOTE 1 SMARTIAGO, bolardos.

Apróbase o Plan de Seguridade e Saúde, presentado pola entidade Alumbrados Viario S.A. (Aluvisa) adjudicatario do contrato-subministración, instalación e posta en funcionamento dunha serie de actuacións relacionadas coa mobilidade no marco do proxecto Smartiago (Lote 1: renovación e modificación do actual sistema de control de acceso e implementación de novos sistemas de control de accesos-portas, informado favorablemente pola Coordinadora de Seguridade e Saúde.

22. SANIDADE. Referencia: CONV FRA NOVOTEC.

Convalidación omisión función interventora e recoñecemento de debida da factura emitida por NOVOTEC CONSULTORES S.A. por redacción de proxecto de selado do vertedoiro de ARINS por importe de 18.143,95 euros

Acórdase a convalidación omisión da función interventora e recoñecemento de débeda da factura emitida por NOVOTEC CONSULTORES S.A. por un importe de 18.143,95 euros

23. CENTROS CÍVICOS. Referencia: 2020/00005682K.

Solicitude da subvención nominativa DA DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA PARA O CONCELLO DE SANTIAGO

Dase conta da sinatura do convenio de colaboración entre entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia e o Concello de Santiago de Compostela para a renovación do compromiso de integración na rede de bibliotecas de Galicia das bibliotecas Públicas municipais de Santiago de Compostela. O obxecto do convenio é a colaboración entre as partes para a actualización e a adaptación a normativa de aplicación vixente. Este convenio renova o compromiso de integración dos centros bibliotecarios municipais na Rede de bibliotecas de Galicia, coa finalidade de mellorar o acceso da cidadanía ao libro e a lectura tanto en formato físico como dixital.

24. CENTROS CÍVICOS. Referencia: 2020/DC02.

Dar conta da sinatura co convenio de colaboración entre A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, para a renovación do compromiso de integración na rede de bibliotecas de GALICIA DAS BIBLIOTECAS PÚBLICAS MUNICIPAIS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

Dase conta da sinatura do convenio de colaboración entre entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia e o Concello de Santiago de Compostela para a renovación do compromiso de integración na rede de bibliotecas de Galicia das bibliotecas Públicas municipais de Santiago de Compostela.

O obxecto do convenio é a colaboración entre as partes para a actualización e a adaptación a normativa de aplicación vixente. Este convenio renova o compromiso de integración dos centros bibliotecarios municipais na Rede de bibliotecas de Galicia, coa finalidade de mellorar o acceso da cidadanía ao libro e a lectura tanto en formato físico como dixital.

25. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2020/00005005B.

Dacion a xunta de goberno de sentenza recaída no PO 4382/2018 TSX

Dase conta da sentenza nº 662/2020. O obxecto é o acordo Pleno 15.11.2018 polo que se aproba definitivamente a modificación do PE da cidade histórica.

A sentenza é parcialmente favorable para o Concello, recorrible en casación.

Esta sentenza corresponde á segunda demanda presentada contra dito Acordo plenario por Aviturga. Os motivos de impugnación presentados son:

1. Falta do informe preceptivo de telecomunicacións, do Estado.
2. Falta do informe preceptivo de estradas do Estado.
3. Falta do estudo de sustentabilidade económica.
4. Falta do estudo de viabilidade económica.
5. Falta do informe de fiscalización.
6. Nulidade por incorporación de modificacións substancias logo do trámite de exposición pública.
7. Nulidade por cause inadecuado para a modificación (PXOM en lugar do PE).
8. Nulidade por infracción da Lei 17/2009 de libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.
9. Con respecto ao edificio situado en Cruceiro do galo, nulidade por arbitrariedade e trato desigual a casos análogos.

A sentenza desestima todos os argumentos, agás o número 6. Contra resta resolución cabe interpor recurso de casación.

26. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2020/00004939Z.

Dacion de conta a xunta de goberno de sentenza recaída no PA 082/2020 CA2

Dase conta da sentenza nº 228/2020, interposta por un particular, en relación a liquidacións do IBI. A sentenza é favorable para o Concello, non recorrible en apelación.

O demandante viña de impugnar as liquidacións xiradas en concepto de IBI 2015-2018 por varias razóns:

1. Prescrición do exercicio 2015.
2. Falta de motivación, por non especificarse os valores e tipos empregados polo Concello, o que impide atacar ditos elementos (indefensión).

O xulgado desestima o primeiro destes motivos ao considerar que a alteración catastral efectuada por catastro ten efectos tributarios e, dentro destes, os de interrupción da prescrición de débedas. En canto ao segundo, a alteración catastral deriva dunha declaración presentada polo interesado. E o Concello, na xestión tributaria do imposto, limítase a aplicar os valores fixados por Catastro. Ademais, no expediente identifícanse eses valores e tipos, polo que as liquidacións están suficientemente motivadas.

27. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2020/00005003D.

Dacion a xunta de goberno de sentenza recaída no AP 4254/2019 TSX

Dase conta da sentenza nº 654/2020, interposta por un particular. O obxecto versa sobre responsabilidade patrimonial por perda de inversións e negocio, que cuantifica en 81.634,87 euros, A sentenza é favorable para o Concello, recorrible en casación.

A demandante arrendou un hostel e, para, despois das obras de rehabilitación destinalo a uso hoteleiro. Executándose as obras, di recibir a visita dun arquitecto municipal, que lle comunica que boa parte de traseira do inmovible é propiedade municipal, polo que non pode seguir coas obras nin destinalas ao uso proxectado. Así as cousas, considera que existe

unha responsabilidade municipal na falta de atención ao seu patrimonio; que en definitiva suporía a cancelación do aluguer e a perda das rendas satisfeitas (67.850 euros) e obras executadas (20.454,28 euros).

Da proba practicada en instancia deduciuse que as obras dispoñían de licenza municipal. Pola contra, a demandante non foi quen de identificar ao suposto arquitecto, polo que a demanda resultou desestimada.

28. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2020/00004940S.

Dación de conta a XGL da sentenza recaída no PA 96/2019 CA1

Dase conta da sentenza nº 168/2020, interposa por un particula. O obxecto da demanda versa sobre responsabilidade patrimonial por caída na rúa de 11.126,99 euros.

A sentenza é favorable para o Concello, non recorrible en apelación. O xulgado desestima a demanda ao considerar non acreditada a relación de causalidade: acéptase que houbo caída e que houbo lesións, pero non que aquela fose debido ao estado da beirarrúa.

29. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2020/00005692P.

Dar conta das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas.

Dase conta.

URXENCIAS

- Orde a TRAPSA para que preste o servizo de transporte ao aeroporto.

Acórdase ordear á actual concesionaria do transporte colectivo urbano de viaxeiros, UTE TRAPSA-AULUSA, que, a partir do vindeiro 23 de decembro de 2020 e ata a adxudicación do novo contrato do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros, realice a prestación do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros ao aeroporto de Santiago, integrado este percorrido na actual liña 6 de transporte urbano (San Marcos – Os Tilos).

A estrutura horaria, xeográfica e o número de kilómetros a realizar serán os contidos no informe de TUSSA, as tarifas a aplicar, inicialmente, serán as correspondentes ao transporte urbano vixentes actualmente e os medios personais e técnicos serán os precisos para abordar o servizo, consonte as previsións de TUSSA. Todos estes aspectos serán obxecto de revisión e valoración unha vez iniciada a prestación do servizo, realizando os axustes que sexan precisos.

Sobre a retribución á empresa concesionaria, actualmente, a liquidación anual do servizo segue realizándose de acordo co establecido no contrato e no prego de cláusulas administrativas e técnico económicas particulares que rexían esa licitación, especialmente polo artigo 33 que establece o procedemento de compensación e o artigo 35 que establece os criterios de actualización dos prezos km.

A fórmula de compensación para a inclusión deste servizo no transporte urbano da cidade pódese establecer da seguinte maneira, xa que o resto de variables que se teñen en conta para a liquidación do contrato non teñen incidencia neste servizo:

Compensación = ((km percorridos x prezo km) + amortizacións) – (ingresos por viaxeiros + ingresos por publicidade + outros ingresos) + (incremento por xestión da publicidade)

Aos efectos do cálculo da compensación ao operador, os custes reais do servizo non supoñen un maior custe para o Concello porque o prezo quilómetro xa está establecido para o servizo de transporte urbano e non vai mudar por incluír unha extensión dunha liña da rede do transporte urbano.

En base a estas variables, a compensación que deberá aboar o Concello ao operador estímase en 741.838,19 €/anuais, aplicando a fórmula pola que se liquida o servizo de transporte urbano anualmente.

- Aprobación do expediente para a adquisición de vehículos eléctricos e os puntos de recarga.

Apróbase o expediente denominado Subministración de vehículos eléctricos puros ou con etiqueta ambiental cero e de vehículos eléctricos híbridos ou con etiqueta ambiental eco e da infraestrutura de recarga para o uso dos vehículos adquiridos, distribuídos en 6 lotes e a

apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto, establecéndose os seguintes tipos de licitación en función dos lotes propostos:

(catidade sen IVE, IVE e cantidade total)

1 Subministración dun vehículo eléctrico puro para a policía local.

67.768,00 €; 14.231,28 €; 81.999,28 €

2 Subministración de dous vehículos con etiqueta ambiental ECO ou híbridos para a Policía Local

74.380,16 €; 15.619,83 €; 89.999,99 €

3 Subministración de dous vehículos con etiqueta ambiental ECO ou híbridos para a Unidade Móbil Camuflada (UKM) da Policía Local.

59.504,00 €; 12.495,84 €; 71.999,84 €

4 Subministración dun vehículo eléctrico puro para o Servizo de Extinción de Incendios

38.016,00 €; 7.983,36 €; 45.999,36 €

5 Subministración dun vehículo eléctrico puro para o Servizo de Protección Civil

39.669,00 €; 8.330,49 €; 47.999,49 €

6 Infraestrutura de recarga

26.855,80 €; 5.639,72 €; 32.495,52 €

Total: 306.192,96 €; 64.300,52 €; 370.493,48 €

- Devolución da fianza dun contrato de renting de vehículos.

Autorízase a devolución da fianza constituída por EMPRESA MONFORTE, SAU, por importe de 2.196 euros para responder do contrato de “Subministro de varios vehículos e o seu mantemento, mediante arrendamento (RENTING), para o Concello de Santiago”

- Reaxuste de anualidades do contrato da PAE (plataforma de Administración electrónica).

Apróbase a modificación do contrato de tal xeito que, mantendo a data de finalización da fase de subministración a 30 de xuño de 2021, reorganiza os fitos de facturación sen modificar o peso e entregables establecidos inicialmente. Apróbase o reaxuste do contrato conforme ás anualidades que se indican de seguido:

- Anualidade 2019: 88.229,19 euros
- Anualidade 2020: 529.375,16 euros
- Anualidade 2021: 264.687,59 euros e 80.299,02 euros
- Anualidade 2022: 160.598,04 euros
- Anualidade 2023: 160.598,04 euros
- Anualidade 2024: 160.598,04 euros
- Anualidade 2025: 80.299,02 euros

- Convalidación dos gastos de subministración de 2 medallas e 2 pins de ouro da cidade.

Convalídase a actuación de gasto levada a cabo con omisión da aprobación previa deste, considerando acreditada para a totalidade do indicado gasto, - o cal se corresponde na súa totalidade con un contrato menor por razón de cuantía dos regulados no artigo 118 da Ley 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público -, a necesidade da súa contratación e o cumprimento dos requerimentos fixados no referido precepto legal, de acordo cos antecedentes e informes incorporados o expediente. Así mesmo, autorízanse, dispóñense e recoñécense as obrigas derivadas dos referidos gastos por importe de 3.700,01 euros.